

ADHESIVO



TEST: (Sinala cun círculo a resposta que considere correcta)

PREGUNTAS:

1.- Tal e como dispón o artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse:

- a) Co representante, que deberá sinalarse ao efecto para a presentación de calquera solicitude, escrito ou comunicación, cos requisitos establecidos en el artigo 29.
- b) Co representante ou o interesado que expresamente sinalaran, ou, no seu defecto, co que figure en primeiro termo.
- c) Co representante ou no seu defecto, con calquera dos interesados que figuren na solicitude, escrito ou comunicación.

2.- Establece o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo:

- a) 10 días.
- b) 15 días.
- c) 1 mes.

3.- De acordo co disposto no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o servizo de prevención e extinción de incendios debe prestarse:

- a) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.
- b) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.
- c) Nos municipios con poboación superior a 50.000 habitantes.

4.- De acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

- a) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de vinte días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de dez días para a presentación de reclamacións e suxestións.

5.- De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, as persoas que en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, retribuídas con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin son:

- a) Persoal funcionario.
- b) Persoal laboral.
- c) Persoal eventual.

6.- Que órgano ten como misión establecer as bases que vertebran o Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, de xeito que se acade a transversalidade e coordinación coas distintas consellerías ?

- a) O Instituto da Xuventude de Galicia.
- b) O Comité Galego de Políticas de Xuventude.
- c) O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

7.- Non son obxectivos do Plan galego de acción voluntaria

- a) Establecer os criterios de distribución dos recursos propios, así como conceder axudas e subvencións para o desenvolvemento da acción voluntaria.
- b) O reforzo da coordinación interadministrativa e interdepartamental.
- c) A elaboración dos novos instrumentos normativos.

8.- Cales destas non son formas válidas de participación xuvenil, segundo a Lei galega de Xuventude:

- a) Asociacións xuvenís e as súas federacións.
- b) Novas formas de asociacionismo xuvenil sen personalidade xurídica.
- c) a e b son incorrectas.

9.- Principais categorías do patrimonio cultural segundo a Unesco:

- a) Material ou inmaterial.
- b) Intanxible e moble.
- c) Tanxible e inmovible.

10.- A animación sociocultural é :

- a) Conxunto de tecnoloxías que orientan o traballo cultural cara a promoción da iniciativa, participación e acción autónoma das persoas na vida socio-política e cultural na que están integradas, dependendo da súa condición social, étnica, idade, etc.
- b) Proceso que ten como meta a promoción social das persoas no marco global do territorio, potenciando a democracia cultural como superación da democratización cultural, para acadar a emancipación colectiva e o cambio social.
- c) Conxunto de pautas de intervención social que van máis alá do tempo libre, para concibirse como parte dunha política cultural global que aspira a vincular opcións éticas, políticas, organizativas, económicas, técnicas, formativas, etc.

11.- Dende a perspectiva da animación sociocultural, a “cultura” ven ser fundamentalmente:

- a) Conxunto de actividades, propostas, accións e proxectos de carácter artístico, intelectual ou recreativo, que desenvolve unha persoa, colectivo, entidade ou administración.
- b) Acervo cultural legado polos artistas e intelectuais dun territorio (sexa un concello, provincia, estado,...), sobre o que se asenta o labor socioeducativo da cidadanía e coa cidadanía.
- c) Combinación de elementos materiais e simbólicos (dende o sistema económico ata a lingua, a organización política e relixiosa, o sistema moral e xudicial, as representacións míticas, artísticas, filosóficas e científicas) que unha sociedade constrúe e reconverte como a súa herdanza social máis valiosa.

- 12.- A política cultural municipal ven establecida fundamentalmente por:
- A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a través da Corporación Municipal e dos seus órganos, ou, no seu defecto, polas do Ministerio de Cultura e Deportes, sempre e cando non contradigan aquelas outras establecidas pola Comisión Europea.
 - A Corporación Municipal, a través dos seus órganos competentes e os mecanismos que lle son propios.
 - O Alcalde-Presidente do Concello.
- 13.- Dos seguintes, e no marco da administración local, cal non é un modelo de política cultural:
- Mecenado estatal.
 - Democracia cultural.
 - Modelo Socialmente Responsable.
- 14.- Fases metodolóxicas da planificación sociocultural no ámbito da administración local son:
- Decreto de inicio de expediente, análise da realidade, determinación de obxectivos, planificación do gasto e memoria final.
 - Análise da realidade, determinación do problema de intervención, establecemento de obxectivos, definición de recursos, estratexias, métodos, procesos e actividades; execución e avaliación.
 - Avaliación ex-ante, proceso, avaliación ex-post, memoria final e documentación de pago.
- 15.- Na avaliación dun programa local de animación sociocultural, cales destas fontes é a menos pertinente:
- A enumeración cuantitativa de asistentes ou participantes.
 - As referencias aportadas dun informador-clave.
 - As propostas de gasto e outra documentación administrativa do gasto realizado.
- 16.- ¿Que ben patrimonial e cultural situado no Concello de Vedra está declarado como Ben de Interese Cultural?
- Pazo de Ortigueira.
 - Pazo de Ximonde.
 - Pazo da Costa.
- 17.- ¿En que aldea da parroquia de Vedra do termo municipal de Vedra, se atopa o edificio “Arquivo Histórico e da Emigración de Vedra e das Sociedades de Emigrantes”?
- Marzán.
 - Pousada.
 - Fornelos.
- 18.- ¿Cal dos seguintes equipamentos culturais non se atopa na parroquia de Vedra?
- Biblioteca Municipal.
 - Centro Social de Vedra.
 - Casa Cultural da Cruxa.

19.- A Casa da Fábrica está situada en:

- a) Trobe.
- b) San Pedro de Sarandón.
- c) San Andrés de Illobre.

20.- ¿Cal das seguintes non é unha aldea de San Xián de Sales?

- a) Romarís.
- b) Calzande.
- c) Raamonde.

PREGUNTAS DE RESERVA:

21.- De acordo co establecido no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial, o silencio:

- a) Terá efecto desestimatorio.
- b) Terá efecto estimatorio.
- c) O silencio administrativo non ten efectos nos procedementos de responsabilidade patrimonial.

22.- Segundo o disposto no artigo 35 da Lei Orgánica 1/1981, do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) A Comunidade Autónoma poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos competencia do Estado, previa autorización do Goberno de España.
- b) A Comunidade Autónoma non poderá establecer acordos de colaboración con outras comunidades autónomas, excepto autorizacións das Cortes Xerais por maioría absoluta dos seus membros.
- c) A Comunidade Autónoma poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos propios de exclusiva competencia das mesmas. A celebración dos citados convenios deberá ser comunicada ás Cortes Xerais.

23.- Segundo a Lei 5/2016, de 7 de maio, Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, a figura de protección patrimonial que se aplica a bens inmobles, mobles ou inmateriais de carácter máis destacado en Galicia, declarados por Lei do Ministerio ou por Decreto da Xunta de Galicia, despois dun expediente que pode ser incoado de oficio ou por solicitude dunha persoa, física ou xurídica, pública ou privada denomínase:

- a) Ben catalogado.
- b) Ben de Interese Cultural.
- c) Ben de Interese Cultural Local (se o ben de que se trata é de singularidade local)

~~24.- Na avaliación dun programa local de animación socio cultural, cales destas fontes é menos pertinente:~~

- ~~a) A enumeración cuantitativa de asistentes ou participantes.~~
- ~~b) As referencias aportadas dun informador clave.~~
- ~~e) As propostas de gasto e outra documentación administrativa do gasto realizado.~~

(ANÚLASE POR ESTAR REPETIDA COA PREGUNTA 15)

25.- ¿Cal dos seguintes persoeiros ergueu a ermida dos Remedios en Trobe no ano 1858?

- a) Andrés Betetos.
- b) Benito Losada.
- c) Luís Marcelino Pereira.